

# REVISIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## MEMORIA E NORMAS DE APLICACIÓN

---

A vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Persoal de Administración e Servizos da UDC foi aprobada polo Consello de Goberno con data 28 de febreiro de 2013, informada favorablemente polo Consello Social do 21 de marzo e publicada no DOG do 16 de abril de 2013 (correccións de erros no DOG do 10 de xuño).

Conforme ao artigo 91.3 dos Estatutos da UDC, a RPT do PAS debe revisarse preceptivamente cada dous anos e de modo potestativo cada ano.

Co obxecto de dar efectivo cumprimento a esta revisión nos prazos establecidos estatutariamente desenvolveuse o necesario proceso de negociación colectiva.

Cómpre ademáis abordar esta revisión para finalizar o acoplamento dos postos de traballo de persoal laboral fixo que foron obxecto de funcionarización na RPT aprobada en 2013. Próxima a finalización deste proceso de funcionarización da meirande parte do persoal laboral de carácter fixo, resulta xa necesario revisar o réxime das subescalas e subgrupos de clasificación das novas escalas especiais derivadas do dito proceso, co obxecto fundamental de facilitar os mecanismos de promoción e de carreira administrativa nestas escalas, aspecto principal deste expediente de revisión da RPT. Ademáis, abórdase tamén a necesaria estruturación organizativa dos postos de traballo das escalas informáticas, asignándose a cada unha das súas áreas, de xeito que esta mellor organización contribúa a unha máis clara e eficiente asignación de tarefas e proxectos neste ámbito.

Por outra parte, esta revisión da RPT trata de dar resposta puntual á determinados obxectivos clave do novo Plan Estratéxico UDC 2013-2020, aprobado no Claustro do 4 de decembro de 2013, en retos de captación e xestión de fondos de I+D+i así como de programas de internacionalización, que esixen a reorganización da Oficina de Relacións Internacionais (ORI) e a mellora das competencias lingüísticas dos postos de traballo nestes dous ámbitos de xestión.

Conforme a estes antecedentes, incorpóranse na RPT as seguintes modificacións:

### **1.- Revisión dos subgrupos e subescalas de adscrición de postos de escalas especiais.**

No acordo de funcionarización optouse pola menor apertura posible de subgrupos, o que facilitou a identificación de persoa-posto para asignar a cada empregado laboral na nova estrutura funcional así como a asignación dos necesarios complementos persoais transitorios. Agora, practicamente rematado este proceso de funcionarización, e co obxecto de mellorar os mecanismos de mobilidade, promoción e

carreira profesional no ámbito da normativa funcionarial, resulta necesario abrir, cando corresponda, nas novas escalas especiais os subgrupos e subescalas de adscrición dos distintos postos segundo se recolle nesta revisión da RPT.

A este respecto, cómpre sinalar en todo caso que, co obxecto de garantir a máxima cualificación profesional para o seu desempeño definitivo, os postos de traballo que a continuación se detallan solo poderán ser cubertos mediante provisión definitiva por funcionarios de carreira do subgrupo A1 da correspondente subescala, de xeito que a súa cobertura por funcionarios da correspondente escala especial pertencentes ao subgrupo A2 sólo poderá realizarse mediante adscrición provisional (comisión de servizos, adscrición provisional ou reingreso), criterio éste que deberá de recollese nas correspondentes bases de convocatoria dos procedementos de provisión definitiva. Estes postos de traballo son:

- Técnico coordinador en Normalización Lingüística.
- Analista SIC.
- Técnico en teleformación.
- Técnico en calidade.

## **2.- Estruturação do Servizo de Informática e Comunicacions (SIC).**

A apertura dos postos das escalas informáticas a máis de un subgrupo esixe ademáis modificar a denominación dos actuais postos de traballo, xa que actualmente manteñen os das extintas categorías laborais. As novas denominacións e subgrupos de clasificación son os seguintes:

- Coordinador/a de área: A1
- Analista: A1/A2 (en substitución do posto de Técnico superior en informática).
- Analista-programador: A1/A2 (en substitución do posto de Técnico de grao medio en informática), ao que se lle asigna o nivel 22 de complemento de destino para a súa homologación coa correspondente escala autonómica. Este incremento de nivel terá carácter absorbible sobre o complemento persoal transitorio, conforme ao previsto na estipulación 10ª do Acordo de Funcionarización do 13 de xullo de 2012.
- Programador: A2/C1 (en substitución do posto de Técnico especialista en informática).

Por outra parte, adscríbense a cada área os postos das distintas categorías, polo que se deberán dictar as necesarias dilixencias de adscrición do actual persoal do SIC.

Para garantir a correcta e eficaz xestión dos proxectos a desenvolver polo SIC, que polo seu carácter transversal precisan a integración das distintas áreas e a adscrición a cada proxecto de postos nos diferentes ámbitos funcionais e operativos da UDC, constituirase a Comisión de Coordinación de Informática e Comunicacions da UDC,

que baixo a presidencia da persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de novas tecnoloxías, estará integrada pola dirección do SIC e por todas as persoas responsables de cada unha das áreas de coordinación do servizo.

### **3.- Reorganización da Oficina de Relacións Internacionais (ORI).**

Co obxecto de:

1. Potenciar as liñas do recién aprobado Plano Estratéxico da UDC, en materia de internacionalización, dándolle máis relevancia ás accións de proxección internacional da UDC e á captación de alumnos internacionais.
2. Definir, visibilizar e reorganizar de maneira máis eficiente as diferentes accións que se desenvolven na ORI: xestión da mobilidade e dos convenios internacionais da UDC e as accións de estratexia e promoción internacional que abranguen programas propios.
3. Asignar a actuais postos de traballo de PAS a dirección das unidades proxectadas, baixo a superior dirección da Vicerreitoría,

A ORI pasa a estruturarse en dúas unidades, coa seguinte distribución de funcións:

- *Unidade de mobilidade e xestión de acordos internacionais:*

1. Programas de intercambio de estudantes, profesores e PAS nos que participa a UDC ou que organiza a UDC (actualmente: Erasmus+, Bilateral, NILS, Santander Grado e Fórmula Santander). Esta competencia inclúe:
  - a. Xestión administrativa e económica.
  - b. Atención e seguimento dos estudantes.
  - c. Coordinación entre a unidade e os centros.
  - d. Elaboración dos informes que esixan as entidades que financian os programas.
2. Proceso ordinario de sinatura e renovación de convenios internacionais dos que é parte a UDC. Esta competencia inclúe:
  - a. Negociación directa dos convenios ordinarios (MOUs e intercambio).
  - b. Apoio administrativo e técnico aos convenios extraordinarios (dobre titulación, titulación conxunta, de programas de Study Abroad para a aprendizaxe de linguas ou outras materias...).
  - c. Xestión e arquivo dos convenios.
3. Administración da base de datos da UDC en materia de relacións internacionais (actualmente: MoveOn 3 y 4).
4. Apoio técnico e supervisión dos proxectos de cooperación internacional que poidan solicitar e dos que poidan ser adxudicatarios o persoal, grupos ou órganos da UDC (Erasmus+ Key Action 2ª e análogos).

- *Unidade de estratexia e proxección internacional.*

1. Diseñar os programas de proxección internacional da UDC de conformidade cos obxectivos de internacionalización fixados no plan estratéxico da UDC.
2. Asesorar e apoiar no deseño e execución da estratexia de internacionalización aos distintos órganos e autoridades da UDC que traballen nese ámbito.

3. Coordinar a plasmación e a execución dos devanditos programas de proxección internacional, cando estes deban ser executados por parte dos centros, departamentos ou outras unidades o servizos da UDC.
4. Desenvolver e, no seu caso, xestionar os programas propios da UDC (a actualmente denominada International Summer School e o seu desenvolvemento).
5. Desenvolver e xestionar os programas de profesores e estudantes visitantes da UDC.

#### **4.- Acreditación de competencias lingüísticas.**

Tanto en unidades do Servizo de Investigación como na ORI cómpre garantir o coñecemento de idiomas, de xeito que, aínda que non afecte aos seus actuais titulares, sí se esixan nos vindeiros concursos para a cobertura de vacantes, ben como mérito, ben como requisito, segundo se reflicte na RPT. Este proceso deberá acompañarse do necesario reforzo das competencias lingüísticas nos planes anuais de formación do PAS.

#### **5.- Modificación da denominación de postos de xefatura de unidades do Servizo de Investigación:**

A actual distribución de tarefas entre distintas unidades do servizo de Investigación debe de adaptarse ante o descenso continuado no volume e diversidade das axudas propias, e o aumento por contra da complexidade da xestión das axudas e programas destinados á incorporación de recursos humanos de I+D+i. Por iso, e co obxecto de reordenar esta distribución de funcións, cómpre adaptar as denominacións das unidades deste servizo segundo figura na RPT.

#### **6.- Outras modificacións puntuais:**

- 1.- Con motivo da implantación do modelo de contabilidade analítica, de necesaria aplicación legal para o curso 2015/2016, resulta necesaria a habilitación dos postos de apoio para a análise de custos adscritos directamente á Vicexerencia do Campus da Coruña.
- 2.- Para dar mellor resposta ás necesidades de apoio e xestión ás estruturas de investigación en materia de fondos europeos, reto estratéxico no novo programa de marco de financiamento UE (Horizonte 2020), habilitase un novo posto técnico na OTRI.
- 3.- En liña coa necesaria reorganización da ORI a que se fai referencia no apartado 3 desta memoria, refórzase esta oficina con un posto base de administración xeral.
- 4.- Finalmente, os distintos postos do Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos deberán prestar apoio á Oficina de Medio Ambiente, de cara a reforzar ás políticas e proxectos da UDC en materia de medio ambiente e sostenibilidade.

## **7.- Non incremento de gasto.**

As modificacións que polo tanto se recollen nesta revisión da RPT do PAS da UDC non supoñen incremento de gasto, xa que os postos que se incrementan nos servizos sinalados proceden das necesarias amortizacións ou readscricións.

### **Disposición adicional. Novo Grupo B.**

A introdución do novo Grupo B previsto no artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público será obxecto de negociación colectiva, para a súa inclusión nos postos de traballo que proceda, unha vez estea habilitada esta posibilidade pola lexislación autonómica de Galicia que en materia de Función Pública se dicte para o desenvolvemento do indicado Estatuto Básico, conforme ao disposto na súa disposición transitoria terceira e disposición final cuarta.